



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Asunto: Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa Hixiene Urbana.

Expediente: 2025/G016/000002

INFORME TÉCNICO ECONÓMICO

Esta Intervención, na aplicación do artigo 174 do Regulamento e Organización e Funcionamento das Entidades Locais, emite o seguinte informe técnico-económico, relativo á modificación da ordenanza fiscal reseñada.

Fundamentación Xurídica:

Toda proposta de establecemento dunha nova taxa ou modificación da mesma deberá incluír necesariamente entre os antecedentes e estudos previos, unha memoria ou informe técnico-económico sobre o custo ou valor do recurso/actividade da que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta.

O artigo 24.2 do TRLRFL sinala:

"2. En general, y con arreglo a lo previsto en el párrafo siguiente, el importe de las tasas por la prestación de un servicio o por la realización de una actividad no podrá exceder, en su conjunto, del coste real o previsible del servicio o actividad de que se trate o, en su defecto, del valor de la prestación recibida.

Para la determinación de dicho importe se tomarán en consideración los costes directos e indirectos, inclusive los de carácter financiero, amortización del inmovilizado y, en su caso, los necesarios para garantizar el mantenimiento y un desarrollo razonable del servicio o actividad por cuya prestación o realización se exige la tasa, todo ello con independencia del presupuesto u organismo que lo satisfaga. El mantenimiento y desarrollo razonable del servicio o actividad de que se trate se calculará con arreglo al presupuesto y proyecto aprobados por el órgano competente"

Á súa vez, o artigo 25 do TRLRFL preceptúa:

"Los acuerdos de establecimiento de tasas por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público, o para financiar total o parcialmente los nuevos servicios, deberán adoptarse a la vista de informes técnico-económicos en los que se ponga de manifiesto el valor de mercado o la previsible cobertura del coste de aquellos, respectivamente. Dicho informe se incorporará al expediente para la adopción del correspondiente acuerdo"

Polo tanto é preciso acreditar que o importe da taxa que se quere modificar non exceda do custo real ou previsible do servizo que se quere prestar e que se grava coa dita taxa.

Isto é, a Lei establece o **principio de equivalencia** como principio informador do réxime de determinación da contía das taxas, entendido nos seus termos máis elementais de que o importe da taxa non poida exceder do custo do servizo ou actividade correspondente.

Para a determinación do importe das taxas por prestación de servizos ou realización de actividades, o artigo 24.2 do TRLRFL indica que deben terse en conta tanto os custos directos como indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e os necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo por cuxa prestación se esixe a taxa.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Por último indicar, que o criterio empregado para a realización do Estudio de Custos é o de aplicar unha interpretación restrinxida dos gastos imputables ao servizo, para garantir, en todo caso, que o importe da taxa previsto non supere o custo real do servizo.

No momento actual, o servizo de xestión e tratamento dos residuos sólidos urbanos, está sendo prestado pola Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, previa delegación de competencias efectuada polos Concellos que forman parte da mesma. O único fin da Mancomunidade a día de hoxe é o exercicio desta competencia. Así, os seus Estatutos, no artigo 2 sinalan: "Establécese como fin da Mancomunidade a prestación dos servizos públicos de recollida e tratamento de residuos". De aí que, o importe total das cotas xiradas pola MCSB, poida imputarse como custo da prestación do servizo que pretende gravarse pola taxa.

Para a realización do Estudo de Custos pártese das Cotas aprobadas pola Mancomunidade para o exercicio 2025, na sesión da Xunta da Mancomunidade que tivo lugar o día 28/10/2025:

Concello	Cota obligatoria	Cota complementaria	Cota extraordinaria	Cota total
Ames	138.441,30	3.299.917,42	977.018,39	4.415.377,11
Brión	34.585,01	694.178,88	205.528,03	934.291,92
Carnota	15.944,46	486.483,66	144.034,96	646.463,09
Lousame	13.075,39	358.136,57	106.034,78	477.246,74
Muros	34.530,16	1.007.677,28	298.346,63	1.340.554,07
Noia	59.583,93	1.586.316,12	469.666,30	2.115.566,36
Pontecesures	12.965,69	430.871,30	127.569,61	571.406,60
Rois	18.387,39	448.267,79	132.720,25	599.375,44
Porto do Son	38.158,70	1.061.607,40	314.313,91	1.414.080,01
Total	365.672,02	9.373.456,44	2.775.232,88	12.514.361,34

Estudio de Custos:

1. Custos orzamentarios

1.1. Custos de persoal:

Ao estarmos ante un suposto de prestación indirecta do servizo, non se toman en conta custos de persoal.

1.2 Aprovevisionamentos: compras correntes de bens e servizos:

Calcúlase tomando en conta os gastos correntes que sexan imputables ao desenvolvemento do servizo. Neste suposto, como o servizo se presta de xeito indirecto, tómase en conta as cotas que a Mancomunidade aproba para o exercicio 2025:

Tipo de ben/servizo	Coste	Custo do servizo
Liquidacións aprobadas pola MCSB para o ano 2025 (non se dispoñen de datos para os vindeiros exercicios)	477.246,74	477.246,74
Total bens e servizos que se imputan á prestación do servizo		477.246,74



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2. Custos non orzamentarios

Están constituídos esencialmente polas amortizacións técnicas dos bens do inmovilizado material adscritos a cada servizo. Estes bens sofren un desgaste pola súa utilización e unha depreciación polo transcurso do tempo.

No suposto de prestación indirecta do servizo, non se toman en conta os custos non orzamentarios.

3. Custos indirectos: ou de estrutura

Están constituídos polos gastos xerais de funcionamento da Entidade Local, que se reparten entre os gastos imputables aos centros intermedios e aos centros finais.

Para isto, pártese:

- Do Grupo de Programa específico ao que se imputa o servizo: 1622 – Xestión de RSU.
- Centros Intermedios: Serían as Obrigacións Recoñecidas Netas no último exercicio liquidado (2024) en cada unha das Políticas de Gasto da Área 1.
- Centros finais: Serían as Obrigacións Recoñecidas Netas no último exercicio liquidado (2024) en cada unha das Áreas de Gasto da entidade local.

Finalmente, calcúlase que peso ten o Grupo de Programa Específico (1622) no total anual, para efectuar esa imputación de custos de estrutura.

O resultado é o seguinte:

3.1 Centros Mediais

Política de Gasto	ORN 2024
13	3.550,72
15	881.600,54
16	758.249,95
17	6.269,71
Total	1.649.670,92

3.2 Centros Finais

Área de Gasto	ORN 2024
1	1.733.737,24
2	1.116.971,36
3	495.786,45
4	252.827,26
9	605.408,59



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Total	4.204.730,90
--------------	---------------------

3.3 Grupo de Programa Específico:

	ORN 2024
Grupo de Programa específico (1622)	164.329,92

3.4 Imputación de custos indirectos:

Custo indirecto imputable ao servizo (anual)	64.472,68
--	------------------

4. Custo estimado de prestación do servizo

Custos de persoal	0,00
Bens correntes	477.246,74
Amortización	0,00
Custos indirectos	64.472,68
Total	541.719,42

Análise do Binomio Custos Estimados-Beneficio Estimado:

Coa aprobación da modificación proposta o custo estimado de recadación será o seguinte:

Obxectos tributarios e tarifas actuais				
TARIFA	OBJETO	NÚMERO	IMPORTE	TOTAL
1	VIVENDAS	1442	76	109.592,00
2	BAR-CAFÉ	6	117	702,00
3	03. PEIXERIAS E CARNICERIAS VERDULERIAS E FROITERIAS	5	124	620,00
4.1	04.1 FABRICAS TALLERES OUTRAS INDUSTRIAIS: 2 A 4 EMPREGADOS	5	187	935,00
4.2	04.2 FABRICAS TALLERES OUTRAS INDUSTRIAIS: 5 A 7 EMPREGADOS	3	248	744,00



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

4.3	04.3 FABRICAS TALLERES OUTRAS INDUSTRIAIS: 8 A 10 EMPREGADOS	2	311	622,00
5	05. DESPACHOS PROFESIONAIS	2	94	188,00
6	OUTROS NEGOCIOS	6	196	1.176,00
7.1	07.1 PENSIONS,CASAS DE HOSPEDES,E DEMAIS CENTROS	2	178	356,00
8	08. CENTROS DE ENSINANZA QUE REALIZAN A SUA ACTIVID. EN LOC. MENOS 100M	1	389	389,00
10	RESTAURANTES	1	139	139,00
		1475		115.463,00

Proxección recadación coa modificación proposta				
TARIFA	OBJETO	NÚMERO	IMPORTE	TOTAL
1	VIVENDAS	1442	116	167.272,00
2	BAR-CAFÉ	6	180	1.080,00
3	03. PEIXERIAS E CARNICERIAS VERDULERIAS E FROITERIAS	5	190	950,00
4.1	04.1 FABRICAS TALLERES OUTRAS INDUSTRIAIS: 2 A 4 EMPREGADOS	5	286	1.430,00
4.2	04.2 FABRICAS TALLERES OUTRAS INDUSTRIAIS: 5 A 7 EMPREGADOS	3	380	1.140,00
4.3	04.3 FABRICAS TALLERES OUTRAS INDUSTRIAIS: 8 A 10 EMPREGADOS	2	476	952,00



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

4.4	04.4 FABRICAS TALLERES OUTRAS INDUSTRIAIS: 11 A 50 EMPREGADOS	0	700	-
4.5	04.5 FABRICAS TALLERES OUTRAS INDUSTRIAIS: MÁIS DE 50 EMPREGADOS	1	1000	1.000,00
5	05. DESPACHOS PROFESIONAIS	2	144	288,00
6	OUTROS NEGOCIOS	6	300	1.800,00
7.1	07.1 PENSIONS,CASAS DE HOSPEDES,E DEMAIS CENTROS	2	272	544,00
8	08. CENTROS DE ENSINANZA QUE REALIZAN A SUA ACTIVID. EN LOC. MENOS 100M	1	596	596,00
10	RESTAURANTES	1	214	214,00
		1476		177.266,00

O Binomio Custo-Beneficio é o seguinte:

Custo estimado de prestación do servizo	Importe estimado da Taxa	Importe cobertura taxa/servicio prestado
541.719,42	177.266,00	- 364.453,42

Polo tanto, o importe da taxa non excedería do custo real ou previsible do servizo que se quere prestar e que se grava coa dita taxa, tal e como esixe o TRLRFL.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Sen embargo, esta regulación xeral das taxas, foi modulada pola entrada en vigor da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. No seu artigo 11 sinala:

3. En el caso de los costes de gestión de los residuos de competencia local, de acuerdo con lo dispuesto en el texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, las entidades locales establecerán, en el plazo de tres años a contar desde la entrada en vigor de esta ley, una tasa o, en su caso, una prestación patrimonial de carácter público no tributaria, específica, diferenciada y no deficitaria, que permita implantar sistemas de pago por generación y que refleje el coste real, directo o indirecto, de las operaciones de recogida, transporte y tratamiento de los residuos, incluidos la vigilancia de estas operaciones y el mantenimiento y vigilancia posterior al cierre de los vertederos, las campañas de concienciación y comunicación, así como los ingresos derivados de la aplicación de la responsabilidad ampliada del productor, de la venta de materiales y de energía.

4. Las tasas o prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario podrán tener en cuenta, entre otras, las particularidades siguientes:

- a) La inclusión de sistemas para incentivar la recogida separada en viviendas de alquiler vacacional y similar.
- b) La diferenciación o reducción en el supuesto de prácticas de compostaje doméstico o comunitario o de separación y recogida separada de materia orgánica compostable.
- c) La diferenciación o reducción en el supuesto de participación en recogidas separadas para la posterior preparación para la reutilización y reciclado, por ejemplo en puntos limpios o en los puntos de entrega alternativos acordados por la entidad local.
- d) La diferenciación o reducción para las personas y las unidades familiares en situación de riesgo de exclusión social.

5. Las entidades locales deberán comunicar estas tasas, así como los cálculos utilizados para su confección, a las autoridades competentes de las comunidades autónomas.

Na Disposición final octava, establece:

Disposición final octava. Ordenanzas de las entidades locales.

Las entidades locales aprobarán las ordenanzas previstas en el artículo 12.5 de esta ley a partir de la entrada en vigor de la misma, de manera que se garantice el cumplimiento de las nuevas obligaciones relativas a la recogida y gestión de los residuos de su competencia en los plazos fijados. En ausencia de las mismas, se aplicarán las normas que aprueben las comunidades autónomas.

Esta Secretaría-Intervención comparte a tese sostida pola Alcaldía na providencia de incoación do expediente:

- O Concello de Lousame é membro de pleno dereito da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, cuxo obxecto é, segundo o artigo 2 dos seus Estatutos (DOG núm. 2 do 05/01/2015): "Establécese como fin da Mancomunidade a prestación dos servizos públicos de recollida e tratamento de residuos". O artigo 13 deses Estatutos, sinala que forman parte da Facenda da Mancomunidade, as taxas pola prestación de servizos da súa competencia. O artigo 14 dos mesmos Estatutos preceptúan que a Mancomunidade acordará a imposición dos seus tributos propios e aprobará as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras dos mesmos.
- Así as cousas, e a pesares de que o servizo de recollida e tratamento do lixo é de competencia da Mancomunidade, o ente supramunicipal non exerceu as súas competencias para establecer e regular a taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo e o seu tratamento. Isto obriga aos Concellos que a conforman a ter que aprobar a imposición das



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

citadas taxas e aprobar as ordenanzas reguladoras dos citados tributos. Así, ante a prestación dun servizo semellante no ámbito territorial da Mancomunidade, existe un tratamento fiscal diferente entre o usuarios do dito servizo, o que supón o incumprimento do principio de igualdade tributaria.

- Esta situación debe ser corrixida; xa que coa nova lexislación debe existir unha relación directa entre a forma de prestar o servizo (que debe garantir o cumprimento da Lei 7/2022, do 8 de abril) e a taxa (ou prestación patrimonial pública non tributaria) coa que se pretenda gravar o dito servizo, competencia non do Concello, senón da Mancomunidade.
- O Concello non é posuídor dos datos que lle permitan implantar unha taxa que cumpra o sinalado polo artigo 11.3 da Lei:

“específica, diferenciada y no deficitaria, que permita implantar sistemas de pago por generación y que refleje el coste real, directo o indirecto, de las operaciones de recogida, transporte y tratamiento de los residuos, incluidos la vigilancia de estas operaciones y el mantenimiento y vigilancia posterior al cierre de los vertederos, las campañas de concienciación y comunicación, así como los ingresos derivados de la aplicación de la responsabilidad ampliada del productor, de la venta de materiales y de energía”

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Interventora, Paula Ares Otero.